BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
Deputación Pontevedra

Martes, 14 de outubro de 2025
Núm. 196

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## COVELO

### Subvencións e axudas

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL POLO ALUMNADO MATRICULADO EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL*

*CONVOCATORIA DE AYUDAS MUNICIPALES DESTINADAS A LA ADQUISICIÓN DE LIBROS Y MATERIAL POR EL ALUMNADO MATRICULADO EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL DEL AYUNTAMIENTO DE COVELO*

*BDNS (Identif.): 861582*

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/861582)

Extracto de las bases aprobadas por acuerdo de 8 de octubre de 2025 de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Covelo por la que se convoca la concesión de ayudas municipales en concurrencia competitiva destinadas a la adquisición de libros y material por el alumnado matriculado en centros docentes públicos de educación infantil del ayuntamiento de Covelo, curso escolar 2025/2026.

**Primero.- Personas beneficiarias.**

Podrán solicitar esta subvención, las personas físicas padre, madre, tutor o tutora de uno o varias niñas o niños, que cumplan los siguientes requisitos:

a) Ser padre/madre/tutor/tutora legal o familia de acogida del alumnado matriculado en educación infantil (segunda etapa), en un centro público de Covelo durante el curso escolar 2025/2026.

b) Convivir que alumna o alumno para los que se solicita la ayuda.

c) Tener una renta per cápita familiar igual o inferior la 14.400,00 €.

RENTA PER CÁPITA FAMILIAR: se calcula dividiendo la renta de la unidad familiar entre el número de personas computables. Son personas computables:

Las madres, padres, tutoras o tutores legales, hijas e hijos menores de edad, hijas e hijos mayores de edad con discapacidad e hijas o hijos solteras/los menores de 25 años que convivan en el domicilio familiar.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:Q3ZK94QW55RB9Y6Z

En el caso de divorcio o separación legal de la madre y el padre no se considerará miembro computable aquel que no conviva con la alumna/el, excepto en los casos de custodia compartida. Será miembro computable, en caso de que lo haya, la noticia o lo nuevo cónyuge o pareja.

Computarán por dos las personas de la unidad familiar (padre, madre, alumna/el y hermanos) con una discapacidad igual o superior al 33%, o que acrediten una pensión de incapacidad permanente en los grados total, absoluta o grande invalidez.

CÁLCULO DE LA RENTA FAMILIAR: Resulta de la suma de la base imponible general y la base imponible de ahorro.

— En caso de no presentar declaración deberá presentar un certificado de imputaciones de la Agencia Tributaria.

— Se tendrá en cuenta la situación familiar y personal la 31 de diciembre de 2024 y la renta del 2024.

d) Estar al corriente por todos los conceptos en las obligaciones tributarias y no tributarias con la hacienda local, y sus organismos autónomos.

e) Encontrarse al corriente en el cumplimiento de las demás obligaciones tributarias y frente a la Seguridad Social.

f) No tener pendiente de justificación ninguna subvención concedida por el Ayuntamiento de Covelo en el ejercicio anterior, o haber desistido de forma motivada y por escrito.

g) Someterse a las actividades de control realizadas por parte del Ayuntamiento para comprobar la veracidad de los actos consignados en la documentación presentada, así como el cumplimiento de los requisitos para la percepción de la ayuda y colaborar con el Ayuntamiento en dichas actuaciones.

h) Comunicar ante el Ayuntamiento cualquier modificación en las circunstancias exigidas para la concesión de la ayuda.

i) No estar incursos en algunas de las circunstancias que recoge el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

**Segundo.- Objeto.**

Es objeto de esta convocatoria establecer un régimen compensatorio de carácter social destinado las familias del alumnado matriculado en el centro docente público de Covelo con el objeto de paliar los gastos que supone la escolarización de las crianzas de la familia. Se subvenciona a través de este procedimiento la adquisición de libros y material necesario en la Educación Infantil (segunda etapa) para el alumnado matriculado en un centro docente público en Covelo para el curso 2025/2026.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:Q3ZK94QW55RB9Y6Z

**Tercero.- Bases reguladoras.**

Se publicarán en la Base de Datos Nacional de Subvenciones, en la página web del Ayuntamiento y en el tablón de anuncios.

**Cuarto.- Cuantía.**

Las ayudas serán como máximo de 100,00 € por cada alumna o alumno.

En el caso de alumnado con alguna discapacidad reconocida en un grado igual o superior al 33% la cuantía de la ayuda podrá llegar a 125,00 €.

En familias numerosas la cuantía de la ayuda podrá llegar a 125,00 €.

En caso de que las solicitudes aceptadas superen las previsiones, y se exceda el crédito destinado a esta subvención, el crédito total previsto se prorrateará entre las solicitudes admitidas.

**Quinto.- Plazo de presentación.**

El plazo de presentación de solicitudes, y en su caso la justificación, será de quince días hábiles, contados desde el siguiente a la publicación oficial del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra.

Covelo, 09/10/2025

Juan Pablo Castillo Amigo

Alcalde del Ayuntamiento de Covelo

*CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL POLO ALUMNADO MATRICULADO EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE COVELO*

*BDNS (Identif.): 861582*

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/861582)

Extracto das bases aprobadas por acordo de 8 de outubro de 2025 da Xunta de Goberno Local do Concello de Covelo pola que se convoca a concesión de axudas municipais en concorrencia competitiva destinadas á adquisición de libros e material polo alumnado matriculado en centros docentes públicos de educación infantil do concello de Covelo, curso escolar 2025/2026.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:Q3ZK94QW55RB9Y6Z

**Primeiro.- Persoas beneficiarias.**

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai, titor ou titora dun ou varias nenas ou nenos, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser pai/nai/titor/titora legal ou familia de acollida do alumnado matriculado en educación infantil (segunda etapa), nun centro público de Covelo durante o curso escolar 2025/2026.

b) Convivir ca alumna ou alumno para os que se solicita a axuda.

c) Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 14.400,00 €.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. Son persoas computables:

As nais, pais, titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas ou fillos solteiras/os menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.

No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará membro computable aquel que non conviva coa alumna/o, agás nos casos de custodia compartida. Será membro computable, en caso de que o haxa, a nova ou o novo cónxuxe ou parella.

Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, alumna/o e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: Resulta da suma da base impoñible xeral e a base impoñible de aforro.

— En caso de non presentar declaración deberá presentar un certificado de imputacións da Axencia Tributaria.
— Terase en conta a situación familiar e persoal a 31 de decembro de 2024 e a renda do 2024.

d) Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias e non tributarias coa facenda local, e os seus organismos autónomos.

e) Atoparse ao corrente no cumprimento das demais obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

f) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Covelo no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.

g) Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:Q3ZK94QW55RB9Y6Z

h) Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

i) Non estar incursos nalgunhas das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

**Segundo.- Obxecto.**

É obxecto desta convocatoria establecer un réxime compensatorio de carácter social destinado as familias do alumnado matriculado no centro docente público de Covelo co obxecto de paliar os gastos que supón a escolarización das crianzas da familia. Subvenciónase a través deste procedemento a adquisición de libros e material necesario na Educación Infantil (segunda etapa) para o alumnado matriculado nun centro docente público en Covelo para o curso 2025/2026.

**Terceiro.- Bases reguladoras.**

Publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións, na páxina web do Concello e no tablón de anuncios.

**Cuarto.- Contía.**

As axudas serán como máximo de 100,00 € por cada alumna ou alumno.

No caso de alumnado con algunha discapacidade recoñecida nun grao igual ou superior ó 33% a contía da axuda poderá chegar a 125,00 €.

En familias numerosas a contía da axuda poderá chegar a 125,00 €.

No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto ratearase entre as solicitudes admitidas.

**Quinto.- Prazo de presentación.**

O prazo de presentación de solicitudes, e no seu caso a xustificación, será de quince días hábiles, contados dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Covelo, 09/10/2025

Juan Pablo Castillo Amigo

Alcalde do Concello de Covelo

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:Q3ZK94QW55RB9Y6Z